



Área / Unidade GESTION ADMINISTRATIVA MEDIO AMBIENTE MA1000 AMO	Documento 54119S0ILZ	Sello
Código de verificación  3930 544J 6W08 4X33 03GI	Expediente 541/2025/1188	
	Fecha 25-11-2025	

COMUNICADO ÁS PERSOAS ADXUDICATARIAS DOS ANTIGOS HORTOS URBANOS DE AGRA DO ORZÁN

Con motivo do peche dos hortos situados no parque de Agra do Orzán debido ás obras do Sector II de San Pedro de Visma, que deu lugar á extinción das autorizacións de uso sobre os ditos espazos, o Concello prevé unha compensación para aquelas persoas adxudicatarias que tiveran autorización vixente no momento da dita extinción anticipada (31.10.2024), ofrecéndolles a posibilidade de desfrutar dunha parcela no novo parque durante un período equivalente ao tempo non desfrutado, que abrangue dende marzo de 2026 ata o 15 de xuño de 2027.

Esta compensación só se lles dará a quen, tras presentar a solicitude nos termos e prazos sinalados a continuación, non resulten adxudicatarias/as dunha parcela para o período completo establecido na nova convocatoria.

IMPORTANTE:

Para poder ofrecerlles esta posibilidade **é necesario que as persoas interesadas presenten a solicitude para a nova convocatoria de hortos urbanos 2026-2029**, cuxas bases publicaranse previsiblemente antes de que finalice o vixente ano. Na solicitude, que deberá presentarse dentro do prazo que se indicará nas mencionadas bases, **terá que solicitar unha parcela no parque de San Pedro de Visma**. No caso de indicar outro parque diferente entenderase que renuncian a toda compensación.

A nova convocatoria publicárase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP) e na páxina web do Concello (www.coruna.gal/medioambiente/gl/sectores-ambientais/espazos-verdes/ecohortas)

Para calquera dúbida, poden contactar co servizo de Medio Ambiente no teléfono 981 184 315.

Dende o Concello agradecemos o seu compromiso co proxecto e o seu apoio para que os hortos urbanos sigan sendo un espazo sostible e compartido.

A Coruña, na data de sinatura dixital que consta neste documento.
O Director de Área de Medio Ambiente, Fondos Europeos e Dixitalización